



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Xestión Tributaria

Aprobación definitiva da modificación das Ordenanzas número 7, 16, 18 43 e 45 e da Ordenanza fiscal reguladora das especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚMERO 7, 16, 18 (REGULADORAS DE TAXAS) E DAS ORDENANZAS 43 E 45 (REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS), ASÍ COMO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS PARA A AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025

A corporación municipal da Coruña, na sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 06.11.2025, aprobou provisionalmente a modificación das seguintes ordenanzas:

- Ordenanza fiscal número 7, reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros.
- Ordenanza fiscal número 16, reguladora da taxa pola prestación de servizos nos museos e noutras instalacións culturais do Concello da Coruña.
- Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios.
- Ordenanza número 43, reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, de ocio e análogas de titularidade municipal (modificación artigo 4.A.1).
- Ordenanza número 45, reguladora do prezo público pola utilización de bens de propiedade municipal (modificación artigo 4. 1).

Igualmente, na antedita sesión plenaria acordouse a aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora das contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios do Concello da Coruña correspondente ao exercicio 2025.

En cumprimento do establecido nos artigos 17.1 e 17.2 do Real Decreto Lei 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en diante TRLRFL, os acordos provisionais estiveron expostos ao público durante trinta días hábiles no taboleiro de edictos do Concello, e foron publicados mediante anuncio no BOP número 214, do 7.11.2025, así como en tres diarios dos de maior difusión da provincia.

Durante o citado período de exposición pública non se presentaron alegacións, tal e como consta no certificado expedido pola Oficialía Maior do Concello da Coruña o 23.12.2025. Polo que, en aplicación do establecido no artigo 17.3 do TRLRFL, elévase a definitivo o acordo de aprobación provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

En consecuencia, e en virtude do establecido no artigo 17.4 do TRLRFL, faise pública a aprobación definitiva dos expedientes de modificación de ordenanzas fiscais, prezos públicos e contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios, así como o texto íntegro das modificacións nos termos previstos no anexo deste anuncio. Faise constar expresamente que as modificacións aprobadas entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2026, á excepción do establecido para a Ordenanza fiscal número 18 na súa disposición final.

Contra o acordo, elevado a definitivo, de conformidade co previsto no artigo 19.1 do TRLRFL, en concordancia co artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente.

A Coruña, a 23 de decembro de 2025

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

ANEXO**ORDENANZA FISCAL Nº 7, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS****ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, á que se refire o artigo 20.4 r) do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto legislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización ou prestación dalgún dos servizos seguintes:

1. A utilización da rede de sumidoiros municipal para a evacuación de excretas, augas negras, pluviais e residuais en beneficio dos predios situados no termo municipal, sendo obrigatorio que os seus desaugadoiros e as acometidas se verifiquen á rede xeral ou aos seus ramais, calquera que sexa o lugar en que se localicen.

2. A prestación do servizo de vixilancia, inspección e limpeza obrigatoria da rede de sumidoiros particular, fosas sépticas e pozos negros.

3. En xeral, todos aqueles servizos propios do obxecto desta ordenanza que sexan provocados polas persoas interesadas ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estas non solicitasen a súa prestación e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO

1. Son obrigados tributarios contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan:

a) Respecto do servizo de rede de sumidoiros e de vixilancia e inspección da rede de sumidoiros particular, as persoas que aparezan como beneficiarios e usuarios deles, presumíndose que ostentan tal condición os que consten como titulares para os efectos do aboamento ao servizo de abastecemento de auga aos inmoables.

b) Respecto do servizo de limpeza de fosas sépticas e pozos negros, as persoas propietarias das instalacións nas que se presta.

c) Nos servizos de acometida, a persoa solicitante ou, de non mediar autorización, quen a realizase, e se fose descoñecido, a persoa propietaria do inmovible beneficiado.

d) En xeral, quen resulte beneficiado ou provoque a prestación dos servizos aos que se refire esta ordenanza.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4. BASE DE GRAVAME

A base do presente tributo virá determinada:

a) En canto ao servizo da rede de sumidoiros, vixilancia e inspección do que sexa particular, polo volume de auga consumida, medida por contador, segundo a facturación realizada polo servizo municipal de augas, coas medidas correctoras precisas cando existe unha manifesta desproporción entre o consumo de auga e o vertido á rede de sumidoiros.

b) En caso de que os predios ou actividades dispuxesen do servizo de rede de sumidoiros e non do servizo de augas, tomarase como base imponible a que figure nos padróns do imposto sobre bens inmoables. Se non figurasen en tales documentos, a base determinarase en función da valoración realizada polo persoal técnico municipal.

c) Nas novas acometidas, polo número de vivendas, locais comerciais e industriais situados en cada inmovible.

d) No servizo de limpeza de fosas sépticas e pozos negros, así como outros servizos previstos nesta ordenanza, o suxeito pasivo aboará o custo do persoal e material utilizado para a prestación do servizo.

ARTIGO 5. TARIFAS

Aplicaranse as seguintes tarifas:

PRIMEIRO: ORDINARIAS

1. Inmobles que dispoñan de servizo domiciliario de auga:

1.1. Cota de dispoñibilidade do servizo para consumo doméstico, ao trimestre..... 1,31 €

1.2. Por cada m3 de auga consumida en usos domésticos, a partir de 18 m.2..... 0,14 €

1.2.1. Primeiros 18 m3 consumidos nos mesmos usos domésticos..... 0,10 €

1.3. Inmobles e locais con actividade que xera un consumo non doméstico, por m3 de auga consumida..... 0,18 €

1.4. Naquelas actividades en que se xustifique, mediante a achega dos estudos técnicos oportunos, a existencia dunha manifesta desproporción entre o volume de auga consumida e a utilización do servizo da rede de sumidoiros (por exemplo, fabricación de pan, bebidas e outras análogas), a tarifa que sexa de aplicación multiplicarase polo coeficiente 0'6.

2. Inmobles que non dispoñen do servizo de abastecemento de auga.

Tipo de gravame que se aplicará sobre a base liquidable 0,11 €

3. Por cada acometida á rede xeral. Por cada vivenda ou local situado no inmovible 18,75 €

4. Limpeza de fosas sépticas e pozos negros, así como outros servizos que preste o Concello en materia de rede de sumidoiros; a unidade xestora formulará a conta de persoal e material utilizado conforme aos datos facilitados polo servizo de rede de sumidoiros, e procederase á liquidación correspondente ás persoas obrigadas ao pago.

5. Permiso de vertido á rede municipal de acordo coa Ordenanza de Vertidos..... 309,00 €.

6. Por cada m3 vertido na rede de saneamento municipal polos concellos limítrofes0,01914 €

A determinación do caudal vertido polos concellos limítrofes na rede de saneamento da Coruña, realizarase a través dos caudalímetros instalados para o control das verteduras pola empresa EMALCSA.

No caso de que non estean rexistrados os datos de m3 nos caudalímetros instalados, a cota a pagar por cada suxeito pasivo obrigado calcularase co 6% do total de auga (m3) tratada por EDAR Bens respecto ao último dato publicado do ano anterior ao da devindicación da taxa .

SEGUNDO: REDUCIDAS

1. Tributarán por cota cero, na tarifa de vivenda, as persoas contribuíntes beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia e as acollidas a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado e aqueles suxeitos pasivos que acrediten que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non rebasen o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

2. Naqueles casos nos que o suxeito pasivo acredite que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non rebasen a cantidade de multiplicar o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) por 1,5, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,25 pola tarifa prevista para as vivendas.

3. No caso de que a vivenda pertenza a unha familia numerosa ou familia monoparental, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,5 pola tarifa prevista para as vivendas.

Para ter dereito á obtención destas tarifas, a persoa interesada deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato de subministro de auga con EMALCSA.

- Que o suxeito pasivo se encontre empadroadado e resida na vivenda para a que solicita a aplicación da tarifa indicada

- Os ingresos familiares entenderanse como ingresos na unidade convivencial, entendendo por tales os das persoas empadroadas, así como aquelas que residan habitualmente na vivenda e poidan xustificarse por calquera medio válido en Dereito. Para os efectos do cálculo dos ingresos consideraranse os do exercicio da solicitude da bonificación, no caso de pensións ou prestacións sociais, e os do exercicio anterior, no caso de salarios ou outros rendementos. Estes exercicios serán os de comparación co IPREM.

No caso de familias numerosas deberán acompañar a solicitude do título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producirse a aplicación da cota indicada no punto 3 deste artigo.

No caso de familias monoparentais deberán acompañar a solicitude do certificado emitido pola Xunta de Galicia ou órgano da CC.AAA correspondente equivalente, que acredite a condición de familia monoparental, vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producirse a aplicación da cota indicada no punto 3 deste artigo.

ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E COBRANZA DAS COTAS

1. As cotas que resulten da aplicación das tarifas do epígrafe 1 do artigo 5 PRIMEIRO terán carácter trimestral e a liquidación efectuarase polo sistema de autoliquidación a través do recibo emitido por EMALCSA. Os prazos para a presentación da autoliquidación e pago serán os mesmos que os establecidos para o subministro de auga, no artigo 15 da Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo subministro e utilización de auga potable e servizos auxiliares no termo municipal da Coruña.

2. As cotas liquidadas conforme ao previsto no epígrafe 2 do artigo 5 PRIMEIRO agruparanse nun padrón que se cobrara por ano. Neste suposto, a cota non será reducible e xerarse integramente o primeiro día do ano natural, calquera que sexa o momento en que se empece a prestar o servizo.

3. As cotas correspondentes aos epígrafes 3 e 4 do artigo 5 PRIMEIRO recadaranse por ingreso directo cando se solicite ou produza o aproveitamento ou a prestación do servizo, e esixirase o depósito previo do seu importe cando sexa posible determinar previamente a súa contía. Poderá establecerse o réxime de autoliquidación.

4. As cotas correspondentes ao epígrafe 6 do artigo 5 PRIMEIRO terán carácter trimestral, aprobándose liquidación polos servizos económicos do Concello, conforme ao indicado no antedito artigo. Poderá esixirse o depósito previo do seu importe cando sexa posible determinar previamente a súa contía ao igual que establecer o réxime de autoliquidación.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

1. As persoas propietarias de edificios e vivendas ou, se é o caso, as persoas usuarias do servizo están obrigadas a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.

2. Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

Os impresos correspondentes facilitaranse na oficina municipal de información.

3. Para os efectos de aplicación da tarifa 1, as altas e baixas que se produzan no servizo de augas producirán efectos automáticos respecto da taxa da rede de sumidoiros.

Cando a alta, baixa ou variación do padrón se derive da solicitude ou declaración presentada pola persoa interesada e a liquidación resultante non modifique os datos consignados pola propia persoa obrigada tributaria, non será necesaria a notificación expresa da alteración.

4. Tratándose de inmoables que non dispoñan do servizo domiciliario de auga, as altas producirán efectos o mesmo ano en que se produzan e as baixas no ano seguinte a aquel en que se declaren. Unhas e outras deberán ser postas en coñecemento da oficina xestora da taxa dentro dos quince días seguintes a aquel en que se produzan.

5. Cando a cobranza se realice conxuntamente co servizo de augas, as cotas entenderanse notificadas a través do recibo emitido por EMALCSA.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, que consta de sete artigos, foi aprobada polo pleno da corporación municipal na sesión realizada o 6 de novembro de 2025, entrará en vigor o día 01/01/2026 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 16, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MUSEOS E NOUTRAS INSTALACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO DA CORUÑA**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por prestación de servizos nos museos e outras instalacións culturais do Concello da Coruña, a que se refire o artigo 20. 4 w) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. A entrada, visita e uso das instalacións da Casa das Ciencias, da Domus e do Aquarium.
- B. A entrada, visita e uso das instalacións do Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón e da Torre de Hércules.
- C. A prestación dos servizos da Escola Municipal de Música.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos e quen as utilice aínda sen obter a preceptiva autorización.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPONIBLE

A cota tributaria determinarase mediante o sistema de cotas fixas, conforme ás tarifas fixadas no artigo seguinte.

ARTIGO 6. TARIFAS

- 6.1 Con carácter xeral, gozarán de cota cero:
- 6.1.1 As visitas realizadas no día dos museos, festas locais do municipio da Coruña, Semana da Ciencia e o Día da ciencia na rúa.
- 6.1.2 As persoas menores de catro anos.
- 6.1.3 As persoas con discapacidade física ou psíquica, así como a persoa que as acompañe, a condición de que esta sexa imprescindible para que aquelas poidan realizar a súa visita
- 6.1.4 As visitas patrocinadas polo Concello previa resolución que así o declare.
- 6.1.5 As persoas guías turísticas no desenvolvemento das súas tarefas.
- 6.1.6 As persoas responsables acompañantes de grupos educativos.
- 6.1.7 O persoal docente, debidamente acreditado.
- 6.1.8 Periodistas e persoas do International Council of Museums que presenten acreditación oficial correspondente.
- 6.1.9 Persoas da Asociación española de Museólogos e da Federación Española de Amigos dos Museos
- 6.1.10 As persoas en posesión da tarxeta turística en vigor
- 6.1.11 Alumnado da UDC acreditado con carné universitario en vigor
- 6.2 Con carácter xeral, disporán de tarifa reducida:
- 6.2.1 Persoas menores de 16 anos, titulares do carné xove ou carné de estudante e maiores de 65 anos. Inclúese na categoría de carné xove ou carné de estudante o documento equivalente emitido en calquera dos estados membros da Unión Europea Público en xeral aqueles outros días que, en caso
- 6.2.2 concreto autorice a Xunta de Goberno Local. Persoas desempregadas, mediante a presentación
- 6.2.3 do documento acreditativo emitido polo Servizo Público de Emprego Estatal ou polo Servizo Público
- 6.2.4 de Emprego dunha Comunidade Autónoma
- Os membros de familia numerosas, segundo a definición que das mesmas realice a normativa vixente, previa presentación do documento acreditativo correspondente
- No caso de utilización singular ou excepcional das
- 6.3 instalacións a Xunta de Goberno Local determinará a tarifa para cada caso concreto atendendo ao custo do servizo
- Bonificación do 10% aos grupos de máis de 20
- 6.4 persoas en visita previamente concertada e que satisfagan a taxa correspondente á entrada xeral Entrada, visita e utilización das instalacións dos
- 6.5 Museos Científicos
- 6.5.1 Entrada xeral
- 6.5.1.1 Entrada Casa das Ciencias2,00
- 6.5.1.2 Domus2,00
- 6.5.1.3 Aquarium Finisterrae10,00

6.5.1.4 Bono tres casas 12,00

6.5.2 Entrada reducida

6.5.2.1 Casa das Ciencias 1,00

6.5.2.2 Domus 1,00

6.5.2.3 Aquarium Finisterrae 4,00

6.5.3 Suplemento de Audiovisuais

6.5.3.1 Planetario dixital 2,00

6.5.3.2 Magnavisión 2,00

6.5.3.3 Magnavisión 3D 4,00

6.5.4 Suplemento de audiovisuais reducido

6.5.4.1 Planetario dixital reducido 1,00

6.5.4.2 Magnavisión reducido 1,00

6.5.4.3 Magnavisión 3D reducido 2,00

Notas para a aplicación da tarifa reducida

A tarifa reducida á que se refiren os apartados 6.5.2 e 6.5.4 aplicarase, ademais dos casos xerais recollidos no apartado 6.2, nos seguintes casos:

1º Grupos de escolares de centros que non pertenzan ao concello da Coruña, en visita previamente concertada

2º Titulares da Tarxeta “VENTE” e “ VENTE MINI Cota cero aos Museos Científicos

6.5.5 Ademais dos casos xerais sinalados no apartado 6.1, aplicarase aos seguintes casos:

6.5.5.1 Grupos escolares que concerten a visita para os meses de xaneiro e febreiro na Casa das Ciencias, Domus ou Aquarium Finisterrae

6.5.5.2 Membros da Asociación de Amigos da Casa das Ciencias

6.5.2.3 Grupos educativos do concello da Coruña, en visita previamente concertada.

6.5.2.4 Grupos escolares, con reserva previamente concertada, cando o/a responsable asista con anterioridade á reunión de preparación da visita

6.5.2.5 Visitas efectuadas na Semana da Ciencia

6.5.5.6 Asistentes ás salas audiovisuais en actividades extraordinarias

6.5.5.7 Membros da Agrupación Astronómica Coruñesa para a entrada na Casa das Ciencias e Planetario

Notas para a aplicación da cota cero

1º Non se aplicarán a aqueles eventos que se celebren temporalmente nos museos e contén con acceso controlado, independente e suxeito ao pago dun suplemento.

2º No caso de que a dispoñibilidade estea suxeita ao aforo.

6.5.6 Tarxetas con acceso anual:

6.5.6.1 Tarxeta “VENTE” de acceso anual a mc2 20,00

6.5.6.2 Tarxeta “VENTE MINI” de acceso anual a mc2, para persoas menores de 16 anos e maiores de 65 anos 10,00

Notas para a aplicación da tarxeta especial “VENTE”

1º As tarxetas “vente” son nominativas, permiten o acceso á Casa das Ciencias, á Domus e ao Aquarium Finisterrae durante un ano natural contado desde a data de emisión e será necesario presentar o DNI cada vez que se utilicen. Permiten o acceso ás salas de exposicións, pero non inclúen sesións de planetario ou proxeccións de cine con entrada separada.

2º Non se inclúen aqueles eventos que se celebren temporalmente nos museos e contén con acceso controlado, independente e suxeito ao pago dun suplemento.

6.5.7 Tarxetas Millenium

6.5.7.1 Entrada Casa das Ciencias 1,50

6.5.7.2 Entrada Domus 1,50

6.5.7.3 Entrada Aquarium 6,00

6.6 Entrada e visita ás instalacións do Museo Arqueolóxico do Castelo de Santo Antón e á Torre de Hércules

6.6.1	Torre de Hércules, entrada xeral	3,00
6.6.2	Museo arqueolóxico Castelo de Santo Antón,	
6.6.3	entrada xeral	2,00
6.6.4	Torre de Hércules, tarifa reducida	1,50
	Museo Arqueolóxicos, tarifa reducida	1,00

Notas para a aplicación da tarifa reducida

A tarifa reducida á que se refiren os apartados 6.8.3 e 6.8.4 será de aplicación ademais de nos casos xerais regulados no apartado 6.2 nos seguintes casos:

1º Grupos de máis de 20 persoas en visita previamente concertada

2º Os días e nos casos que determine a Xunta de Goberno Local.

Cota cero

6.6.5 Ademais dos casos xerais regulados no apartado 6.1, aplicarase nos seguintes casos:

Visitas dos membros da Asociación de Amigos do Arqueolóxico.

No Museo Arqueolóxico, todos os sábados do ano Na Torre de Hércules, todos os luns do ano e o terceiro sábado de cada mes durante os meses de outubro a xuño

C Escola municipal de Música**7.1. Dereitos de matrícula por curso escolar**

7.1.1	Dereitos ordinarios de matrícula por curso escolar	71,61
7.1.2	Familias con varios/as fillos/as no centro:	
	polos segundos menores de 18 anos	0,00
7.1.3	Persoas xubiladas ou menores de 18 anos pertencentes a familias con ingresos anuais netos menores a 3.971 € por cada membro da unidade familiar, dereitos de matrícula por curso escolar	30,90

7.2 Taxas mensuais de ensinanza

7.2.1	Sección de música e movemento	45,58
7.2.2	Música e movemento con práctica instrumental	57,76
7.3	Ensinanza musical de alumnado de educación especial	41,20
7.4	Módulo semanal de clase 1ª	33,92
7.5	Cada módulo semanal de clase 2ª e 3ª	12,20
7.6	Cada módulo semanal de clase 4ª e 5ª	10,07
7.7	Cada módulo semanal de clase individual de instrumento de media hora de duración por mes	46,11
7.8	Cada módulo semanal de obradoiros	25,44

7.9 Persoas xubiladas ou menores de 18 anos pertencentes a familias con ingresos anuais netos menores a 3.971 euros por cada membro da unidade familiar

0,00

7.9.1	Mensualidades de ata tres módulos semanais	30,90
7.9.2	Mensualidades de máis de tres módulos semanais	51,50

7.10 Taxas de usos de locais

7.10.1	Módulo de uso dunha hora de cabinas pequenas	5,29
7.10.2	Módulo de uso dunha hora de cabinas grandes	10,61
7.10.3	Módulo de uso dunha hora de aula grande	21,19
7.10.4	Módulo de uso dunha hora de aula magna	42,41

Normas para a aplicación das tarifas:

As visitas ás instalacións por parte de grupos de escolares deberán ser concertadas cos respectivos directores/as e efectuar a comunicación cunha antelación mínima de 15 días sobre a data prevista. Durante a visita o alumnado deberá ir acompañado por un/unha educador/a cada 25 estudantes, como mínimo.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza. Nos supostos xerais de entrada a museos e instalacións, entenderase solicitada no momento de presentarse nos despachos de venda de entradas ou accesos manifestando verbalmente a petición. Nos supostos nos que medie solicitude expresa, xerarase a taxa no momento da súa presentación.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión e recadación da taxa correspóndelles aos centros culturais que prestan os servizos. Nos centros xestionados por concesión, o prego de condicións pódelle encomendar ao/á concesionario/a a xestión e recadación da taxa. No caso da Escola de Música, a xestión e recadación correspóndelle ao/á concesionario/a do servizo nas condicións do contrato. Poderáselle encomendar ao Consorcio de Turismo a xestión e recadación das taxas por visitas a centros culturais, así como o rendemento das taxas por visitas á Torre de Hércules, nos termos que se establezan no convenio que se realizará con esta entidade. O convenio regulará, así mesmo, as condicións en que se efectuará a devandita xestión.

2. Nos supostos de entradas para visita das instalacións, o pago esixirase e acreditarase por medio dun boleto ou ticket que se obterá e expedirá no acceso aos edificios e aboarase antes de ingresar nas instalacións. Cando medie unha autorización previa, ao solicitar a súa concesión aboarase o importe estimado da taxa en concepto de depósito previo. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. A resolución que se dite aprobará a liquidación provisional e ordenará a imputación a esta do depósito constituído ou a súa devolución total ou parcial, se así procede.

3. As tarifas por matriculación na Escola Municipal de Música aboaranse no momento da inscrición e as mensuais serán cargadas polo/a xestor/a da taxa na conta bancaria designada pola persoa beneficiaria cada mes, sen necesidade de notificación expresa.

4. Os servizos de cultura efectuarán as liquidacións periódicas pola utilización de vivendas en centros de ensino, segundo o establecido na Ordenanza xeral de xestión.

5. As cotas non teñen carácter reducible.

6. A Xunta de Goberno Local poderá autorizar a realización de convenios nos que se reduza ata o cen por cento do importe da entrada que terán que aboar as persoas visitantes das instalacións culturais no momento de acceder a elas, quedando obrigada a entidade coa que se realice o convenio. O convenio que se realice determinará a garantía que debe prestar a entidade para garantir o pago.

ARTIGO 9. INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o día 06.11.2025, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2026 e producirá efectos mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello da Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, á que se refire o artigo 20.4 do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas se acomodan ao establecido no artigo 57 do real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. Servizo de axuda no fogar nas distintas modalidades.
- B. Servizos complementarios de axuda no fogar (axudas técnicas ou profesionais).

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que resulten directamente beneficiadas pola prestación dun ou varios servizos, xa sexa con carácter estable ou de forma temporal.

No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

ARTIGO 5. TARIFAS

1	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (por hora ou fracción)	13,08
2	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	
2.1	Limpeza extraordinaria (por hora ou fracción)	9,27
2.2	Podoloxía (por hora ou fracción)	16,48
2.3	Axudas técnicas (aluguer mensual)	
2.3.1	Cama articulada	46,35
2.3.2	Asento de ducha	5,15
2.3.4	Guindastre	61,80
2.4	Barbería (por hora ou fracción)	
2.4.1	Lavar e peitear	10,30
2.4.2	Corte de pelo	8,24
2.4.3	Lavar, cortar e peitear	16,48
2.5	Outros profesionais (fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, etc), (por hora ou fracción)	
2.5.1	Titulados universitarios de grao medio	25,75
2.5.2	Titulados universitarios de grao superior	30,90

3. A efectos de determinar o importe a pagar polas persoas usuarias, establécense as seguintes porcentaxes en función da relación dos ingresos co IPREM.

3.1 Sobre as tarifas do apartado 1 as persoas usuarias deberán aboar as seguintes porcentaxes:

TABOA DE COPAGO DE SAF NA SÚA MODALIDADE DE DEPENDENCIA			
Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=37 h	<=64 h	<=94 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,73 %	14,36 %	21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas do servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

TÁBOA DE COPAGO DO SAF NA SÚA MODALIDADE BÁSICA:	
CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 e menor ou igual a 5 IPREM	60%
Maior de 5 IPREM	90%

3.2 Sobre as tarifas do apartado 2 as persoas usuarias deberán aboar as seguintes porcentaxes:

TÁBOA DE COPAGO SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE SAF DEPENDENCIA:									
% Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I			Grao II			Grao III		
Ata	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

ARTIGO 6. NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS

6.1.- A aplicación das tarifas contidas no artigo 5 efectuarase tendo en conta:

A.- A capacidade económica da persoa beneficiaria.

B.- Os servizos domiciliarios recibidos en función das diferentes unidades de magnitude:

Horas de atención

Número e tipificación das axudas técnicas.

6.2.- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do Título III do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía

persoal e a atención as persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu coste, así como na restante normativa de aplicación.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas das referidas no parágrafo anterior, o Concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos criterios establecidos no artigo 60 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación.

6.3.- En ningún caso a participación económica da persoa usuaria que reciba o servizo pola modalidade de dependencia poderá exceder do 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado. No caso das persoas que accedan ao servizo pola modalidade básica establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

6.4.- No caso das persoas que reciban o servizo de axuda no fogar pola modalidade básica, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe xustificativo dos Servizos Sociais, ata o cento por cento, do importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que recolle o punto 2 do artigo 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA E PERÍODO IMPOSITIVO

7.1.- Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o mesmo día da prestación efectiva do servizo.

7.2.- O período impositivo coincidirá co mes natural e a cota terá carácter non reducible calculándose en función do número de días de prestación efectiva do servizo do mes en que se produce.

7.3.- Cando por causa debidamente xustificada a persoa usuaria deixe de recibir o SAF, o suxeito pasivo estará exento de aboar a cota mensual desde a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da cota durará ata o primeiro día no que teña lugar a reincorporación da persoa usuaria ao servizo, procedendo ao rateo da cota da mesma forma que no inicio da prestación.

7.4.- Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución de finalización daquel.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

8.1.- A xestión da taxa correspóndelle aos Servizos Sociais Municipais segundo o disposto na Ordenanza reguladora do servizo.

8.2.- A alta efectiva no servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se xeren, ata a baixa no servizo e será asinada pola persoa solicitante simultaneamente coa súa solicitude de prestación.

8.3.- A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas no prazo máximo de doce meses consecutivos, determinará a interrupción e posible suspensión do servizo, previa instrución do expediente correspondente.

8.4.- Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se efectúen coas bases acordadas.

8.5.- Mensualmente, o órgano xestor aprobará as liquidacións e remitiralle á Tesourería os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobros e o ingreso das cotas nos fondos municipais.

8.6.- Na modalidade básica, a actualización da taxa realizarase en xaneiro. A estes efectos, as persoas usuarias do servizo presentarán anualmente, antes do 1 de decembro, a documentación necesaria relativa ás súas condicións económicas e/ou familiares, sen prexuízo da facultade desta Administración para comprobar e fiscalizar os ingresos declarados polas persoas usuarias.

8.7.- Se se acredita debidamente unha grave situación de perda económica sobrevinda, poderase actualizar a taxa en calquera momento do ano.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, que consta de oito artigos, foi aprobada polo pleno da corporación municipal da Coruña na sesión realizada o 06.11.2025, comezará a rexer aos seis meses da súa publicación no BOP e será de aplicación mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA 43, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS CULTURAIS, EDUCATIVAS, DE OCIO E ANÁLOGAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

ARTIGO 4. TARIFAS

Establécense as seguintes:

A. Actuacións musicais.

1. O importe do prezo que se vai percibir por gravacións, retransmisións de radio ou televisión e outros actos non previstos será fixado por concerto coa parte contratante, que deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local e comunicado ao Servizo de Xestión Tributaria para a realización das actuacións correspondentes respecto da liquidación que proceda.

ORDENANZA 45, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DE BENS DE PROPIEDADE MUNICIPAL

ARTIGO 4. XESTIÓN

1. A prestación dos servizos que teñan carácter voluntario será solicitada mediante unha instancia dirixida á Xunta de Goberno Local, a través de calquera dos procedementos administrativos vixentes, tanto presenciais como telemáticos. Informada a petición polos servizos municipais, correspóndelle á propia Xunta de Goberno Local autorizar ou denegar a solicitude apreciando discrecionalmente as circunstancias que concorran.

ORDENANZA DE CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS PARA A AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCE-LLO DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025

1.1. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos das contribucións especiais, de acordo co previsto no artigo 30.2.c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as compañías aseguradoras que desenvolvan a súa actividade no ramo de incendios no termo municipal da Coruña. A Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios A.I.E. (V-81070211) actúa en representación dos suxeitos pasivos, nos termos previstos no Convenio de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno Local o 18.12.2019 e formalizado en data 04.05.2020, convenio prorrogado por resolución de data 15.12.2023, con vixencia ata o 31.12.2027.

1.2. Custo da ampliación do servizo de extinción de incendios

O custo da ampliación do servizo de extinción de incendios ascende á cantidade de 1.416.147,47€, euros, que se corresponde cos seguintes proxectos de investimento:

APLICACIÓN	CAP	ANUALIDADE 2025	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	PRÉSTAMO	CONTRIB ESPECIAIS	TOTAL PROXECTO
11.136.619.00	6	210.555,56 €	"Acondicionamento na parcela de ampliación das instalación do parque de bombeiros"	21.055,56 €	189.500 €	210.555,56 €
11.136.624.00	6	700.000 €	"Posto de mando para a xestión de emerxencias e dispositivos de espectáculos en masas"	70.000 €	630.000 €	700.000 €
11.136.634.00	6	75.000 €	"Adaptación do parque móbil do SEIS ás novas ferramentas conforme á normativa vixente"	7.500 €	67.500 €	75.000 €
11.136.635.00	6	70.000	"Substitución de taquillas do vestiario de intervención e doutro mobiliario"	7.000 €	63.000 €	70.000 €
			TOTAIS	105.555,56	950.000	1.055.555,56

APLICACIÓN	CAP	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ACHEGA MUNICIPAL	CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS/ PORCENTAXE
11.136.632.00	6	"Ampliación de edificio do parque de bombeiros para a reubicación dos servizos administrativos"	47.551,45 € 10%	427.963,07 € 90%

1.3. Base imponible, criterios de repartición e cotas tributarias

A base imponible final cífrase na cantidade de 1.377.963,07 €, que equivale ao 90% do custo dos proxectos denominados , calculada conforme ao indicado no punto sexto:

- Acondicionamento na parcela de ampliación das instalacións do parque de bombeiros.
- Posto de mando para a xestión de emerxencias e dispositivos de espectáculos en masas.
- Adaptación do parque móbil do SEIS ás novas ferramentas conforme á normativa vixente.
- Substitución de taquillas do vestiario de intervención e doutro mobiliario.
- Ampliación de edificio do parque de bombeiros para a reubicación dos servizos administrativos.

A base imponible será distribuída entre os suxeitos pasivos, proporcionalmente ao importe das primas recadadas no ano 2024. Se a cota esixible fose superior ao 5% das primas recadadas polas compañías aseguradoras, o exceso trasladase a exercicios sucesivos ata a súa total amortización.

1.4. Recadación das cotas tributarias

A Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios A.I.E. (V81070211) recadará das entidades aseguradoras que operan no termo municipal da Coruña, en cuxa representación actúa, a cantidade estipulada, que constitúe a cota global das contribucións especiais.

1.5. Achega municipal

A achega do Concello da Coruña con cargo aos seus recursos propios aplicarase ás partidas orzamentarias 11.136.619.00, 11.136.624.00, 11.136.634.00, 11.136.635.00 e 11.136.632.00.

2025/8650